

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2023 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrência competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2022 establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2023, en réxime de concorrência competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

O número 1 do artigo 30 da dita resolución establece que: «O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionadas finalizará o 30 de outubro de 2023 para a primeira anualidade e para a segunda, o 30 de xuño de 2024. As cantidades non xustificadas polos beneficiarios na anualidade 2023 poderanse computar e xustificar na anualidade 2024, sempre e cando non foren susceptibles de perda de dereito ao seu cobramento de acordo co disposto no artigo 21.9».

Tendo en conta o longo proceso de avaliación e co fin de optimizar os procesos de xestión, e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar este artigo 30 da resolución e ampliar o prazo de xustificación ata unha data que permita unha mellor xustificación da subvención por parte das persoas beneficiarias.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Axencia e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. Artigo único

1. O número 1 do artigo 30 da referida resolución queda redactado nos seguintes termos:

CVE-DOG: xbp88i37-4w23-2dv4-ca07-5o0oagsz19q8



2. «O prazo máximo para presentar a xustificación das actividades subvencionadas finalizará o 15 de novembro de 2023 para a primeira anualidade e para a segunda, o 30 de xuño de 2024. As cantidades non xustificadas polas persoas beneficiarias na anualidade 2023 poderanse computar e xustificar na anualidade 2024, sempre e cando non foren susceptibles de perda de dereito ao seu cobramento de acordo co disposto no artigo 21.9».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2023

Jacobo Aboal Viñas
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: xbp88i37-4w23-2dv4-ca07-5o0oagsz19q8

